

Estimada/o estudante:

En relación coa defensa do Traballo de Fin de Grao (TFG), comunícase a seguinte información de interese para o proceso de solicitude de defensa:

1.- Tal e como se indica na Guía Docente da materia TFG do teu título, deberás incluír no traballo o resumo (formulario de delimitación de título e resumo) aprobado no seu día.

2.- A solicitude de defensa terás que facela nos prazos establecidos no calendario de TFG, a través da túa secretaría virtual.

3.- O título do TFG deberás introducilo nos seguintes idiomas segundo o teu grao:

- a) O estudantado dos graos en Filoloxía Clásica, Lingua e Literatura Españolas, Lingua e Literatura Galegas, Lingua e Literatura Inglesas e da mención en Filoloxía Románica do Grao en Linguas e Literaturas Modernas gravaredes o título do TFG en galego, inglés e castelán.
- b) O estudantado das mencións en Lingua e Literatura Alemás, Lingua e Literatura Francesas, Lingua e Literatura Italianas e Lingua Portuguesa e Literatura Lusófonas do Grao en Linguas e Literaturas Modernas gravaredes o título en galego, inglés e na lingua correspondente da vosa mención.

4.-Cómpre escribir os datos correctamente. Os títulos non poden estar totalmente en maiúsculas e, naturalmente, deben respectarse as normas de ortografía.

Lembra que no teu expediente de Graduada/o e no Suplemento Europeo ao Título (SET) vai figurar o título do TFG que ti graves na aplicación, por iso é moi importante que o fagas correctamente.

5.- Debes marcar os cadros de autorización de difusión ou non do teu TFG, así como de declaración de orixinalidade.

6.- Tes que optar entre a defensa ante Tribunal ou a defensa ante o/a titor/a.

7.- Tes que subir o pdf co teu traballo ao facer a solicitude de defensa.

8.- Para saber as datas e lugares nas que estás convocada/o para o acto de defensa pública, deberás estar atenta/o á túa secretaría virtual e ao teu correo electrónico institucional.

Cordialmente

O equipo decanal